

## SEGUNDA REPÚBLICA ETAPAS (4)

### O BIENIO REFORMISTA (ABRIL DE 1931- NOVIEMBRE DE 1933)

### O BIENIO DE DEREITAS NOVEMBRO DE 1933-FEBREIRO DE 1936 ELECCIÓN DE NOVEMBRO DE 1933

- As dereitas gañan as eleccións:
  - A CEDA o partido máis votado
  - Sigue o Partido Republicano Radical (Lerroux)
  - O PSOE perde a metade dos escaños que tiña anteriormente
  - Os republicanos de esquerdas quedan case sen representación
- Presidente da República: Niceto Alcalá Zamora
- Xefe do Goberno: Lerroux, apoiado pola CEDA

A esquerda chamou a este período **Bienio Negro** polas súas connotacións reaccionarias e conservadoras. Algúns historiadores chámanlle **Bienio Rectificador**, pola súa labor revisionista, tamén recibiu o nome de **Bienio radicalcedista**, polas forzas parlamentarias desta etapa.

### POLÍTICA RECTIFICADORA

- Medidas contrarreformistas:
  - Desmantelada a reforma agraria (anuladas as expropiacións, liberdade total de contratación de peóns...). Isto empeorou as condicións de vida dos xornaleiros e agudizou as tensións.
  - Sistema de autonomías paralizado:
    - Obstaculización da aplicación do Estatuto catalán
    - Retraso na discusión dos Estatutos vasco e galego
  - Diminución dos créditos para a construción de escolas
  - Amnistía para os implicados no golpe de Estado de Sanjurjo
- Radicalización de anarquistas e socialistas. Buscaban alianzas con outras forzas obreiras e loitar polo trunfo revolucionario e presentar unha **fronte común**. Nace **Alianza Obreira** (forzas políticas e sindicais de esquerdas).
- Aumentou a tensión política no campo:
  - Folga xeral convocada pola Federación Nacional de Traballadores da Terra (UXT) no sur de España, duramente reprimida.
  - O Goberno anulou en Cataluña a lei pola que se concedía aos campesiños arrendatarios de vides a posibilidade de acceder á propiedade da terra que traballaban, pagando certas cantidades
  - As folgas dos obreiros industriais aumentaron

### SUCESOS DE OUTUBRO DE 1934

- Gil Robles, a cambio do seu apoio, esixe a entrada de membros da CEDA no Goberno. Lerroux accede
- As esquerdas pensaban que Gil Robles quería destruír a República e protagonizaron diversos actos de protesta.
  - A FOLGA XERAL: convocada por anarquistas e comunistas, que tivo un apoio irregular. O Goberno declarou o estado de guerra, mobilizou o exército e neutralizou os focos en folga.
  - SITUACIÓN EN CATALUÑA: Rebelión cunha dobre vertente:
    - Os obreiros, seguindo as consignas de Alianza Obreira, protagonizaron unha folga xeral
    - A Generalitat, dominada pola esquerda e dirixida por Lluís Companys, sublevouse contra o Goberno Central e proclamou o **Estado Catalán dentro da República Federal Española**
    - O exército controlou a situación e o Estatuto catalán foi suspendido, os membros da Generalitat foron detidos e condenados a distintas penas de cárcere
  - REVOLUCIÓN DE ASTURIAS: Convocatoria de folga xeral que deu lugar a unha insurrección obreira en Asturias e León. Querían facerse co poder político e controlar os medios de produción.
    - Todas as forzas obreiras se alían baixo a consigna da **UNIÓN DE HERMANOS PROLETARIOS** (UHP).
    - Armados ocuparon cuarteis da Garda Civil
    - Dominaron parte da rexión, incluído Oviedo
    - Nos lugares ocupados, os concellos foron substituídos por **comités revolucionarios**.
    - Nas zonas ocupadas polos anarquistas se constituíron comunas, decretándose a socialización dos medios de produción e a abolición do diñeiro
    - Nas zonas comunistas estableceuse a ditadura do proletariado

### CARA ÁS ELECCIÓN DE FEBREIRO DE 1936

- A inestabilidade do Goberno foi en aumento. Ten lugar o escándalo do **estraperlo** que aumentou o desprestixio de Lerroux
- Alcalá Zamora por temor á reacción popular nomea a republicanos do centro para presidir o Goberno.
- As dificultades obrigan a convocar novas eleccións para febreiro de 1936
- Preséntanse dous bloques: **Bloque Nacional** (monárquicos e conservadores) e **Fronte Popular**

### A FRONTE POPULAR . FEBREIRO- XULLO DE 1936

### A GUERRA CIVIL (1936-39)